



Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a perda do novo centro de saúde .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pasados días a Xunta de Galicia fixo público a relación dos novos Centros de Saúde a construír ata o 2020. En dita relación non figura o noso Concello.

Grazas as xestións da anterior corporación do Partido Popular e grazas a doazón dun terreo de case 2.600 m. por parte da familia Losada / Fernández, conseguiu o compromiso por escrito da Xunta de Galicia para a construción de dito centro antes do fin do 2017, como figura na escritura de cesión de ditos terreos por parte dos seus propietarios.

O poco da toma de posesión o Alcalde e o seu equipo de goberno decidiron rechazar dito emprazamento, sen poñer a disposición da Xunta outro terreo. Ante a falta do terreo onde construír o Centro de Saúde, a Xunta de Galicia utilizou os cartos comprometidos para a construción do centro da Pobra na construción dun novo centro de saúde en Melide.

Pasados 32 meses dende a toma de posesión do Alcalde e do seu equipo de goberno non foron capaces de poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para realizar un novo Centro de Saúde e por elo non pode figurar na planificación da Xunta de Galicia antes do 2020.

A Pobra do Caramiñal

2

A inoperancia e irresponsabilidade do Alcalde e su equipo de goberno son os responsables de que os veciños da Pobra non dispoñan dun novo centro de Saúde, do cal podían estar disfrutando hoxe, como moi pronto no 2022, así como da perda da doazón dun terreo de case 2600 metros.

Por elo, o Partido Popular somete o Pleno desta corporación a adopción do seguinte acordo:

Reprobar o Alcalde e o equipo de goberno de Nos Pobra pola perda das instalacións dun novo Centro de Saúde no noso municipio, así como pola perda duns terreos de case 2600 metros.

Pobra a 10 de Febreiro de 2018



Manuel Mª Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL**